

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BAIONA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

PREZOS PÚBLICOS POLA REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS A DESENROLAR DURANTE OS MESES DE XUÑO A AGOSTO DE 2017

A N U N C I O

De conformidade co establecido no artigo 7 da Ordenanza reguladora do prezo público esixido pola organización de cursos, talleres, programas e actividades deportivas, sociais, festivas e culturais do Concello de Baiona, aprobada en sesión plenaria de data 06/10/2016, delegase na Xunta de Goberno Local a fixación da tarifa aplicable en cada caso

Ase, en sesión da Xunta de Goberno Local do Concello de Baiona de data 15 de xuño de 2017, adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro.—Establecer os seguintes prezos públicos pola realización de diversas actividades deportivas a desenrolar durante os meses de xuño a agosto de 2017:

- Campamento semana verde: Data de realización: 28, 29 e 30 de xuño: 40 €/participante
- Travesía a nado. Data de realización: 8 de xullo: 5 €/participante
- Tríatlon popular: Data de realización: 16 de xullo: 5 €/participante
- Subida cicloturista A Groba: Data de realización: 22 de xullo: 5 €/participante
- Carreira Pedestre: Data de realización: 20 de agosto: 5 € participante

Segundo.—O devandito prezo público deberá aboarse polos usuarios da actividade con carácter previo á realización da mesma, no prazo de apertura da solicitude de inscrición na actividade

Terceiro.—Respecto as bonificacións de conformidade coa Ordenanza, establécense as seguintes:

- 20% para o segundo irmáns e 40% para o terceiro e sucesivos irmáns.
- 20% para o solicitante que durante a realización da actividade figuren incluídos no programa de Educación familiar.

As bonificacións previstas neste artigo non son acumulables.

Os interesados en obter ditas bonificacións deberán aportar á solicitude de inscrición a documentación acreditativa da concorrencia das situación e circunstancias expresadas no apartado anterior e que consistirá na seguinte:



Luns, 26 de xuño de 2017

Núm. 121

- Para o segundo e demais irmáns: fotocopia compulsada do Libro de familia.
- Para os solicitantes incluídos no programa de Educación familiar: informe da educadora familiar do Concello.

Carto.—Ordenar a publicación da súa fixación no BOP de Pontevedra

Polo que en cumprimento do sinalado na Ordenanza reguladora do prezo público esixido pola organización de cursos, talleres, programas e actividades deportivas, sociais, festivas e culturais do Concello de Baiona, ordenase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

En Baiona a 16 de xuño de 2017.—O Alcalde, Ángel Rodal Almuiña.

Código seguro de verificación: KQAXS2L4ZORRY6

